

1. Que é unha Titulación Náutica de Lecer?

As titulacións náuticas de lecer non teñen carácter profesional e habilitan exclusivamente para o goberno das embarcacións de lecer e das motos náuticas abandeiradas ou rexistradas e matriculadas en España, que sexan utilizadas exclusivamente para actividades de lecer ou, no seu caso, as que permitan as habilitacións anexas. Non se poden realizar actividades de transporte de carga ou de pasaxeiros que sexan de pago, nin pesca non deportiva.

Os titulados profesionais poderán desempeñar, nas embarcacións de lecer, as atribucións que lles confire o seu título profesional.

Os programas de exames teóricos e o contido das prácticas están determinados nos anexos do Real Decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno de embarcacións de lecer.

Superado o exame e condicións de obtención de cada título, solicitarase ao órgano no que se aprobou o exame teórico (Consellería do Mar) unha tarxeta acreditativa da posesión do título.

As tarxetas teñen un período de validez de 10 anos, transcorrido o cal poderán renovarse coa achega dun novo certificado médico. Con todo, as persoas maiores de 70 anos de idade deberán renovar o título cada 5 anos.

Os solicitantes das tarxetas poderán gobernar embarcacións de lecer dentro do ámbito das súas atribucións, limitando a navegación ás augas territoriais españolas ata que se produzan os actos administrativos precisos para a expedición, renovación ou convalidación dos títulos recollidos neste real decreto, durante un período máximo de 3 meses, contados a partir da data de presentación da solicitude da devandita tramitación.

A efectos do previsto no apartado anterior e durante o prazo citado, deberá levarse a bordo copia cotexada da solicitude.

2. É necesario ter un título para manexar embarcacións de lecer?

Si, salvo para o goberno de embarcacións a motor cunha potencia máxima de 11,26 quilovatios e ata 5 metros de eslora, as de vela ata 6 metros de eslora e os artefactos flotantes ou de praia, fóra das motos náuticas, sempre que non se afasten máis de 2 millas náuticas dun porto, mariña ou lugar de abrigo e a actividade se realice en réxime de navegación diúrna.

Os interesados deberán cumprir 18 anos de idade.

Os menores de idade que cumprisen dezaseis anos poderán participar nas probas para a obtención do título de patrón de embarcacións de lecer, sempre que acrediten por escrito o consentimento dos seus pais ou titores.

Non será necesario cumprir cos requisitos de idade nin de titulación regulados neste real decreto a efectos da preparación e participación en competicións marítimo-deportivas oficiais.

3. Que título é necesario para manexar...unha moto náutica?

Para gobernar motos náuticas, na modalidade de uso particular ou de arrendamento por días, o usuario deberá estar en posesión dalgúns dos títulos de Patrón de Navegación Básica (PNB), Patrón de Embarcacións de Lecer (PER), Patrón de late e Capitán de late, regulado polo Real Decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer, ou dun título de patrón de moto náutica "A", "B" ou "C" expedido antes do 1 de xullo de 2019 e regulado no RD 259/2002.

4. Atribucións das titulacións en función das dimensións das embarcacións e as distancias de navegación á costa.

Licenza de navegación:

- Ata 6 metros de eslora: permite o goberno de embarcacións ata un máximo de 6 metros de eslora.
- Ata dúas millas de abrigo: a distancia máxima dun abrigo á que poderás navegar é de 2 millas náuticas.
- Navegación diúrna: a licenza de navegación só permite navegar desde a saída ata a posta de sol.
- Motos de auga: habilita para gobernar todo tipo de motos náuticas.
- Sen límite de potencia: esta titulación náutica non establece ningún límite de potencia nin a embarcacións nin a motos de auga (potencia adecuada segundo o seu fabricante)

Patrón de Navegación Básica (PNB):

- Ata 8 metros de eslora: permite o goberno de embarcacións ata un máximo de 8 metros de eslora.
- Ata 5 millas de abrigo: a distancia máxima dun abrigo á que poderás navegar é de 5 millas náuticas.
- Navegación diúrna e nocturna: a licenza de navegación básica permite navegar en calquera horario.
- Motos de auga: habilita para gobernar todo tipo de motos náuticas.
- Sen límite de potencia: esta titulación náutica non establece ningún límite de potencia nin a embarcacións nin a motos de auga (potencia adecuada segundo o seu fabricante).

Patrón de Embarcacións de Lecer (PER):

- Ata 15 metros de eslora: permite o goberno de embarcacións ata un máximo de 15 metros de eslora.
- Ata 24 metros de eslora: Coas prácticas de ampliación de atribucións facúltase para a navegación entre illas dentro do arquipélago Balear e Canario.
- Ata 12 millas de abrigo: a distancia máxima dun abrigo á que poderás navegar é de 12 millas náuticas.
- Navegación diúrna e nocturna: a licenza de embarcacións de lecer permite navegar en calquera horario.
- Motos de auga: habilita para gobernar todo tipo de motos náuticas.
- Sen límite de potencia: esta titulación náutica non establece ningún límite de potencia nin a embarcacións nin a motos de auga (potencia adecuada segundo o seu fabricante).

Patrón de Iate:

- Ata 24 metros de eslora: permite o goberno de embarcacións ata un máximo de 24 metros de eslora.
- Ata 150 millas de abrigo: a distancia máxima dun abrigo á que poderás navegar é de 150 millas náuticas.
- Navegación diúrna e nocturna: o título de patrón de iate permite navegar en calquera horario.
- Motos de auga: habilita para gobernar todo tipo de motos náuticas.
- Sen límite de potencia: esta titulación náutica non establece ningún límite de potencia nin a embarcacións nin a motos de auga (potencia adecuada segundo o seu fabricante).

Capitán de Iate:

- Ata 24 metros de eslora: permite o goberno de embarcacións ata un máximo de 24 metros de eslora.
- Distancia de costa ilimitada: poderás navegar en calquera mar do mundo, sen ningún límite de distancia á costa.
- Navegación diúrna e nocturna: o título de capitán de iate permite navegar en calquera horario.
- Motos de auga: habilita para gobernar todo tipo de motos náuticas.
- Sen límite de potencia: esta titulación náutica non establece ningún límite de potencia nin a embarcacións nin a motos de auga (potencia adecuada segundo o seu fabricante).

5. Podo seguir utilizando a titulación de patrón de motos náuticas A, B e C?

Tal e como establece a disposición transitoria única do Real Decreto 259/2002, os títulos náutico-deportivos de patrón de moto náutica "A", "B" e "C" emitidos antes do 1 de xullo de 2019 conservarán a súa validez, podendo ser renovados.

6. Cando se van a realizar exames teóricos?

A información relativa ás convocatorias ordinarias e extraordinarias de exames teóricos e prácticos será accesible a través da web da Consellería do Mar.

7. Onde se solicita unha titulación de lecer?

A solicitude de expedición dun título de lecer e da tarxeta que o acredita debe presentarse sempre ante a administración na que se realizou o exame teórico.

En concreto: Se aprobou o exame convocado pola Consellería do Mar, poderá solicitar a expedición:

- a) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

8. Que documentación se necesita para poder presentarse aos exames?

A documentación común requirida para presentarse aos exames é a que aparece publicada na Resolución do 23 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (código do procedemento PE616D) e na Resolución do 23 de xaneiro de 2026, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames ordinarios teóricos e prácticos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE616C).

9. Cando se renovan as tarxetas de lecer?

As tarxetas de lecer renóvanse cada 10 anos, salvo os maiores de 70 anos que as renovarán cada cinco anos.

10. Que facer se se perde unha tarxeta de lecer?

Se perdemos a nosa tarxeta de lecer pódese solicitar un duplicado ante a administración que expediu o título orixinal.

11. De que tempo dispoño para obter unha titulación náutica de lecer?

O prazo máximo para proceder á solicitude dunha titulación náutica de lecer será de 24 meses, contados desde a data na que se publicaron as notas definitivas ou superáronse as prácticas básicas ou realizouse o curso de formación en radiocomunicacións oportuno (o que primeiro teña lugar).

A superación do devandito prazo implicará o decaemento nos dereitos do interesado/a e a necesidade de aprobar un novo exame teórico, así como superar as prácticas básicas e curso de formación en radiocomunicacións correspondente.

12. Onde se poden realizar as prácticas?

Na nosa Comunidade Autónoma pódense realizar as prácticas e os cursos de formación nas escolas homologadas de lecer que figuran na páxina web da Consellería do Mar.

Con todo, as prácticas e cursos de navegación tamén se poden facer en escolas homologadas por outras Comunidades Autónomas ou na Dirección Xeral da Mariña Mercante. Neste caso, a solicitude de expedición do título deberase realizar na Comunidade Autónoma que realizou a parte teórica e os certificados de prácticas deberán estar asinados e selados pola correspondente Comunidade Autónoma que realizou as prácticas.

13. Onde se obtén o Certificado de aptitude psicofísica?

A acreditación da aptitude psicofísica para o manexo de embarcacións de lecer será realizada polos Centros de Recoñecemento de Condutores (en diante, CRC), inscritos no Rexistro de centros de recoñecemento para condutores de vehículos de motor, segundo determine a normativa de centros de recoñecemento destinados a verificar as aptitudes psicofísicas dos condutores.

1. Os CRC realizarán os recoñecementos médicos correspondentes, de maneira análoga aos condutores de permisos ordinarios (non profesionais) para vehículos terrestres a motor, coas especialidades que se establecen neste real decreto.

2. Se o interesado dispón dun certificado de recoñecemento médico de embarque marítimo expedido polo Instituto Social da Mariña en vigor poderá acreditar a aptitude psicofísica contemplada no anexo VIII deste real decreto mediante a presentación dunha fotocopia compulsada do mesmo. No caso de solicitantes militares, esta aptitude poderá acreditarse mediante a presentación de certificados expedidos por médicos militares.

3. Os CRC deben confeccionar unha historia clínica, na que se anotarán os resultados das exploracións, consonte o cadro de enfermidades e deficiencias que son causa de denegación ou de establecemento de adaptacións na embarcación ou de condicións restritivas para a navegación do apartado 1 do anexo VIII, que será asinada por cada facultativo co seu informe parcial. Á vista dos devanditos resultados, o director do CRC emitirá o informe de aptitude ou non, segundo proceda, nun impreso axustado ao modelo oficial do apartado 2 do anexo VIII, que levará unha fotografía recente do interesado, sobre a que se estampará a firma do director e o selo do centro.

4. No caso de que se producise unha discrepancia entre dous centros, esta dirimirase de maneira análoga á contemplada para os condutores de vehículos terrestres a motor, ben pola autoridade sanitaria provincial ou, no seu caso, mediante un terceiro centro designado para o efecto pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

5. En cada expediente, que deberá ir numerado correlativamente comezando co número 1 ao comezo de cada ano natural, no que constan os datos do demandante (filiación, DNI/NIE/Pasaporte, domicilio, data de nacemento, sexo e tipo de permiso), incluírase a autodeclaración do demandante recollida no apartado 3 do anexo VIII na que manifieste a veracidade acerca do seu estado de saúde e de non ocultar a existencia de enfermidades ou deficiencias, á vez que presta o seu consentimento para a realización das probas e exploracións pertinentes.

6. Non será necesaria a realización dun novo recoñecemento para aqueles cidadáns que acrediten que non pasaron máis de dous anos desde a data de obtención ou renovación do seu permiso de conducir vehículos terrestres a motor en vigor, para iso presentarán unha copia do citado permiso.

7. Non obstante o anterior, será necesaria unha revisión da visión ocular para os efectos de diferenciar as cores, especialmente o verde e o vermello, que deberá realizarse nun CRC.

Para a solicitude da tarxeta é necesario presentar o psicotécnico que lle emita o Centro de Recoñecemento de Condutores por ambos os lados.

14. Validación de Títulos.

No Anexo I do Real Decreto 875/2014, figura o cadro de validacións das titulacións de lecer.

15. Pódense solicitar as habilitacións anexas con calquera título náutico de lecer?

Non, só se poden solicitar se se dispón do título de capitán de iate, patrón de iate ou patrón de embarcacións de lecer, en vigor. Ademais, debe dispoñer do certificado de formación básica en vigor e renovado conforme á lexislación vixente, así como todas as atribucións complementarias propias do título náutico que teña.

As habilitacións anexas teñen que solicitarse a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

16. É necesario levar a tarxeta orixinal do título sempre a bordo?

Se vostede posúe a tarxeta que acredita que dispón dun título de lecer, expedida en papel timbrado da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, deberá levar sempre a bordo o documento orixinal cando saia a navegar.

No caso de que vostede xa dispoña do formato de tarxeta que está asinada electronicamente, expedida a partir do 1 de setembro de 2021, poderá levar a tarxeta descargada no móbil ou poderá levar a bordo unha copia impresa da versión imprimible da tarxeta.

17. Podo gobernar embarcacións de vela?

Para o manexo de embarcacións a vela será preciso obter previamente a habilitación para o seu goberno, para o que será necesario realizar, ademais das prácticas básicas de seguridade e navegación establecidas para o título, as prácticas en embarcacións de vela.

A duración das prácticas de navegación a vela é de 16 horas.